

CAPÍTULO 2.- ESTUDIO DO MEDIO RURAL.....	2
2.1. - MEDIO FÍSICO.....	2
2.1.1. - SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	2
2.1.2. - OROGRAFÍA E ORIENTACIÓN.....	2
2.1.3. - REDE HIDROGRÁFICA.....	2
2.1.4. - XEOLOXÍA.....	3
2.1.4.1. - ENCADRE XEOLÓXICO.....	3
2.1.4.2. - <i>Petroloxía</i>	3
2.1.4.3. - <i>Tectónica</i>	5
2.1.4.4. - <i>Hidroxeoloxía</i>	6
2.1.4.5. - <i>Xeoloxía económica</i>	6
2.1.5. - USOS DO SOLO.....	6
2.1.6. - CLIMATOLOXÍA.....	7
2.1.6.1.- <i>Temperaturas</i>	11
2.1.6.2.- <i>Precipitacións</i>	12
2.1.6.3.- <i>Evotranspiración potencial</i>	12
2.1.6.4.- <i>Balance hídrico</i>	12
2.1.6.5.- <i>CLASIFICACIÓN DE THORNTHWAITE</i>	12
2.1.6.6.- <i>CLASIFICACIÓN DE ALLUÉ</i>	13
2.1.6.7.- <i>CLASIFICACIÓN DE PAPADAKIS</i>	13
2.1.7. - ESPACIOS DE INTERESE NATURAL E PAISAXÍSTICO.....	16
2.1.8. - VEXETACIÓN E FAUNA.....	17
2.2. - MEDIO CONSTRUIDO.....	20
2.2.1. - DISTRIBUCIÓN E TIPOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS.....	20
2.2.2. - TIPOLOXÍA EDIFICATORIA.....	22
2.2.3. - ESTRUCTURA DA PROPIEDAD.....	22

CAPÍTULO 2.- ESTUDIO DO MEDIO RURAL

2.1. - MEDIO FÍSICO.

2.1.1. - SITUACIÓN XEOGRÁFICA.

O termo municipal está situado entre os 42º 46' e os 42º 54' de latitude norte e os 8º 49' e os 9º de lonxitude oeste.

O Concello de Outes atópase situado no sudoeste da provincia de A Coruña, ó oeste de Santiago. Linda ó norte cos municipios de Mazaricos e Negreira, ó oeste co concello de Mazaricos e Muros, ó leste cos concellos de Negreira, Brión e Noia, ó sur co concello de Noia e a ría do seu mesmo nome.

O río Tambre fai de límite natural co concello de Noia polo sueste e o río Couto fai o propio co concello de Mazaricos polo norte.

As dez parroquias que forman o concello son: Cando (San Tirso), Entíns (Santa María), Entíns (Santo Ourense), O Freixo de Sabardes (San Xoán), Matasueiro (San Lourenzo), Outeiro (San Cosme), Outes (San Pedro), Roo (San Xoán), Taras (San Xoán) e Valadares (San Miguel), localizándose a capital municipal, A Serra de Outes, na parroquia do mesmo nome.

Son 147 as súas entidades, que cun índice de 1,49 núcleos/Km², o sitúan por enriba da media provincial, deducíndose a dispersión de pequenas aldeas por todo o municipio.

Distribuída nestas aséntase unha poboación de 8243 habitantes, o que aporta unha densidade de poboación de 83,37 hab./Km², próxima á media galega.

2.1.2. - OROGRAFÍA E ORIENTACIÓN.

O rasgo máis significativo do seu marco natural é a elevada altitude media, que destaca sobre as suaves ondulacións dos municipios limítrofes, con algúns dos máis imponentes perfís de toda a ría de Noia, como son a Pedra Serpal, en Cando, con 419 m. sobre o nivel do mar, a Pedra da Pena, en S. Ourense, con 503 m., o Picouto, limítrofe con Mazaricos e Negreira e 511 m. de altura, o Albelo, de 508 m. ou o Tremuzo, unha das maiores magnitudes da bisbarra cos seus 531 m. que serve de lindeiro entre as parroquias de Outes, Sabardes e Roo.

Completan a súa morfoloxía as penichairas de Valadares e A Vaqueira, os amplos vales que forman os ríos Donas, Rial, Tines, Bendimón e Roo e un litoral recortado, baixo na súa maior parte, salpicado de pequenas praias e un areal máis extenso en Broña, xunto cunha enseada en Langaño formada polas desembocaduras dos ríos Tines e Tambre.

Na transición entre a ría e a meseta, ábreanse vales con orientación principal Norte-Sur, formada polos ríos. Estes vales son de fortes pendentes e profundos nalgúns lugares. Aparecen ladeiras diferenciadas este, oeste pola exposición ó sol, e uns fondos de val soleados pola súa orientación.

2.1.3. - REDE HIDROGRÁFICA.

O río Tambre é o máis importante do concello, chega a Outes despois de percorrer ó longo dos seus 84 Km. as terras de Sobrado, Arzúa, Ordes, Santiago e Negreira, facendo ademais de linde con Noia no seu último tramo. Desembocan nel, os ríos Laxoso, de curto percorrido por Cando e o Donas, que vindo desde Negreira cruza cos seus máis de 12 Km. de lonxitude toda a parroquia de S. Ourense, onde recibe as augas do Banzas, e a de Cando, onde se lle une o río Portomourello, para rematar na Ponte Nafonso.

Outros ríos importantes son o Tines, tamén de 12 Km. de longo, que nace en Mazaricos (onde lle chaman Santabaia), atravesa Matasueiro, pasa por S. Pedro de Outes, onde se alimenta dalgúns regatos en Lantarou e Boel para morrer, logo de partir en dúas a capital municipal, na enseada de Langaño.

No mesmo seo desembocan o Rial e o río de Brión, que regan os vales de S. Ourense e Entíns o primeiro e a chaira de Brión o segundo, máis curto. O Bendimón, de 5 Km., nace preto de Loios (Valadares), bordea o Tremuzo, escorre por terras de Roo e a súa saída ó mar faina polos límites entre S. Cosme de Outeiro e o Freixo. Outros cursos de auga que nacen nas terras altas de Mirás e Valadares non van á ría, senón que se dirixen cara ó río Xallas a través do Beba.

Desde o punto de vista hidrográfico o termo municipal divídese en tres concas que representaremos coas claves C-0 (Conca do río Tambre), C-1 (Conca da ría de Muros e Noia) e C-2 (Conca do río Xallas).


- Conca da ría de Muros e Noia (C-1): Ocupa el 85 % do termo municipal, sendo a súa extensión de 5.259 Ha e a el verten os seguintes ríos e regatos: río Laxoso (C-1.1),

río Donas (C-1.2), río do Rial (C-1.3), río Tines (C-1.4), rego del Prado (C-1.5), río de Bendimón (C-1.6), rego Pipe (C-1.7), rego de Cernadas (C-1.9) e río Maior (C-1.10).

- Conca do Río Xallás (C-2): Ocupa o 3,16% termo municipal, sendo a súa extensión de 308,67 Ha.

Ademais destas concas existen subconcas que van verter a cada uns dos ríos e regatos mencionados anteriormente. Da subconca do río Donas destacamos o río das Banzas (C-1.2.1) e da subconca do río Tines, destacamos o Río de Lantarou (C-1.4.5).

O cadro resumo que ven agora especifica as superficies das diferentes concas, así como das sucesivas divisións:



2.1.4. - XEOLOXÍA.

2.1.4.1. - Encadre xeolóxico.

O municipio de Outes está incluído na zona III de LOTZE (1945) chamada Galaico Castelá, e na zona Centroibérica de JULIVERT (1972) e na zona V de MATTE (1960), zona Galaico Occidental NW de Portugal.

Outes encóntrase dende un punto de vista petrolóxico e estrutural dentro de dous dominios, o “Complexo de Noia” que ocupa unha franxa Norte Sur no leste do municipio, e no “Dominio migmático e das rochas graníticas. Grupo de Laxe”, que ocupa o resto do municipio.

O dominio de Noia caracterízase pola presenza de corpos de ortogneis de carácter alcalino a peralcalino, intrusivos nos metasedimentos do complexo. Posúe unha serie metasedimentaria composta fundamentalmente por grauvacas con orto e parafibolitas intercaladas.

Nel constátase a existencia de rochas metabásicas que mostran signos de ter sufrido, polo menos, un metamorfismo de máis alto grao que ó acadado polo correspondente hercínico, polo que se retrogradou.

O “Dominio migmático e das rochas graníticas. Grupo de Laxe” caracterízase a grandes trazos pola presenza dunha serie metasedimentaria en gran parte migmatizada, que é litoloxicamente distinguible dos metasedimentos do complexo de laxe, e pola abundancia de rochas ígneas parautóctonas, en especial do granito de dúas micas e de granitoides inhomoxéneas, últimos produtos da migmatización das rochas preexistentes. Tamén cabe cita-la presenza de ortogneises glandulares.

2.1.4.2. - Petroloxía.

XISTOS E PARANEISES CON ALGUNHAS ANFIBOLITAS.

Estas rochas constitúen fundamentalmente os metasedimentos do complexo de Noia e esténdense dende o norte ó sur do municipio.

Os xistos son claramente rochas sedimentarias. Pódense dividir en tres tipos: xistos, albíticos e xistos andalucíticos.

Os xistos normais teñen como minerais principais, cuarzo, plaxioclase, biotita e moscovita, e como accesorios están circón, apatito, opacos turmalina, feldespato potásico e esfena. As texturas son granalepidoblásticas de gran fino.

Os xistos albíticos teñen como minerais principais, cuarzo, biotita, moscovita e albita e ás veces granate, e como accesorios ten turmalina, opacos, circón, apatito e feldespato

potásico. As texturas son dende porfidoblásticas con matriz granolepidoblástica, ata simplemente granolepidoblásticas.

Os xistos andalucitos están compostos por cuarzo, biotita, moscovita, plaxioclasa, andalucita e granate como minerais principais e turmalina, opacos e circón como accesorios. A textura é ou comeánicas con feble ou nula orientación, ou granolepidoblásticas de gran fino con orientación marcada.

Os paragneises normais poden ser normais ou albíticos.

Os paragneises normais teñen como minerais principais: cuarzo, plaxioclasa, biotita, moscovita e andalucita. Como accesorios están opatitos, circón, opacos, turmalina, esfena e granate. As texturas principais son de granolepidoblásticas de gran fino a porfidoblásticas con matriz granolepidoblásticas.

Os paragneises albíticos, teñen como mineraloxía fundamental cuarzo, microdina, albita, biotita e moscovita e como accesorios teñen opacos, apatita, circón, esfena, dinosita, granate, turmalina e materia carbonosa. As texturas máis frecuentes son granolepidoblásticas con algunhas porfidoblásticas cando a albita se desenvolve en feldespatos.

GRANITOIDE MIGMÁTICO.

Aquí inclúense rochas que presentan características graníticas, e son principalmente leucocráticas, abrangendo, dende as que ás veces se conservan en restos de estruturación do material do que proceden, ata as que son practicamente granitos homoxéneos.

Pódense separar dous tipos de rochas: as que conservan orientación petrográfica visible que corresponderían ás migmatitas e as que non a posúen, que serían os granitoides.

A mineraloxía fundamentalmente das migmatitas é cuarzo, miclodina, plaxioclasa, biotita, moscovita; e como minerais accesorios atopamos sillimanita, apatito, circón, opacos e máis escasamente rútilo e óxidos de ferro.

A textura dominante é granolepidoblástica con variacións porfidoblásticas. O grao de alteración xeral é baixo.

As rochas granitoides son mineraloxicamente semellantes ás migmatitas coa excepción de non estar orientadas.

GRANITOIDE DE DÚAS MICAS DE GRAN MEDIO A GROSO.

Pertence ós granitoides de tendencia alcalina.

A súa mineraloxía principal é cuarzo, plaxioclasa, feldespatos potásico, biotita e moscovita; e como minerais accesorios ten apatito, circón, turmalina e opacos.

Presenta texturas graúdas orientadas co seu grao variable de cataclase e milonización.

XISTOS CON ALGÚNS NIVEIS DE CUARCITA.

Esta serie de xistos, presentan un metamorfismo rexional progresivo que abrangue dende o grao medio (andalucita-sillimanita) ata un grao alto (sillimanita-feldespatos potásico).

Na zona de grao medio con andalucita a mineraloxía principal está composta por cuarzo, plaxioclasa, moscovita, biotita, andalucita e granate. Como minerais accesorios encóntrase apatito, circón, leucoxeno, xenotina, turmalina e opacos.

Presenta texturas lepidoblásticas en ocasións deformadas e de tipo cataclástico.

Na zona de grao medio con sillimanita, a paraxénese máis frecuente esta formada por cuarzo, biotita, moscovita, sillimanita, plaxioclasa e andalucita, e encóntranse como minerais accesorios apatito, circón xenotina e opacos.

Presenta texturas que van de lepidoblásticas a bandeadas con cataclases pronunciadas nalgúns casos.

Na zona de alto grao con sillimanita-feldespatos potásico atópanse dous tipos de paraxénese: cuarzo, plaxioclasa, feldespatos potásico, biotita e moscovita, e a outra con cuarzo, clorita, feldespatos potásico, biotita e sillimanita. Como minerais accesorios comúns a estes encontramos apatito, circón, e opacos.

ORTONEIS GLANDULAR.

Presentan dous tipos de facies ortogneises glandulares pouco migmatizadas e moi migmatizadas.

Nas pouco migmatizadas encontramos como minerais principais, cuarzo, plaxioclasa, feldespatos potásico, biotita e moscovita, e como accesorios, apatito, circón, turmalina, granate e opacos.

Posúen unha textura porfidoblásticas a miúdo moi deformada e de tipo cataclástica.

Nos moi migmatizados preséntanse dous tipos de paragneises: cuarzo, plaxioclasa, feldespatos potásico, biotita, moscovita e sillimanita; e cuarzo, plaxioclasa, feldespatos

potásico, biotita e sillimanita. Como accesorios para ámbolos dous encóntranse, granate, circón, apatitos e opacos.

Presentan unha textura variable que vai de porfidoblásticas deformada nas rochas menos migmatizadas, a granoblástica catoclástica nas facies máis profundas.

Precusores básicos da granodiorita precoz de composición granodiorítica ata diorítica.

Trátase de inclusións comezmáticas de composición granodiorítica, tonalítica, ata diorítica, dentro do corpo da granodiorítica precoz.

Están compostos por cuarzo, feldespato potásico, plaxioclasa, biotita e anfíbol, e como minerais accesorios encontramos apatito, allanita e esfena moi abundantes.

Presenta unha textura foliada.

GRANODIORITA PRECOZ CON MEGACRISTAIS.

Nun macizo intrusivo nas rochas do "Complexo de Noia" e nos metasedimentos e ortoneises glandulares fóra deste.

A súa composición mineralóxica é a seguinte: cuarzo, plaxioclasa, feldespato potásico, moscovita, biotita. Como accesorios: apatito, circón, xenotina e opacos.

GRANITO MOSCOVÍTICO TIPO TEMUZO.

Destácase a presenza dun corpo alongado de granito moscovítico que pode corresponder ós últimos produtos da diferenciación magmática da serie de granodioritas.

Está formado por: cuarzo, plaxioclasa, feldespato potásico e moscovita. Como accesorios pode ter apatito, biotita, circón e opacos.

Presenta unha textura graúda porfídica e de tipo cataclástica.

En xeral obsérvase unha deformación fráxil con cataclase de cuarzo e tendencia á orientación da fábrica.

GRANODIORITA BIOTÍTICA TIPO PANDO.

É un macizo circular de pequena extensión. É un granito biotítico de gran medio a grosso, ten as beiras moi netas: non presenta case ningún xenolito e ten moi poucas apófises.

Os seus constituíntes son: cuarzo, feldespato potásico, plaxioclasa e biotita. Como accesorios preséntanse o circón, apatito, fluorita, titánica, minerais opacos e clinozosita.

Ten textura graúda hipidiomorfa.

ORTONEIS BIOTÍTICO BLASTOMILONÍTICO.

Están representados por todo o municipio, seguindo a dirección Norte Sur. Son rochas de orixe ígnea.

Os seus minerais principais son: cuarzo, microclina, plaxioclasa e biotita. Como accesorios encontramos sempre opacos e circón, e máis esporadicamente allanita, granate, moscovita, apatito, esfena, fluorita, epidota, óxidos de ferro e rútilo.

As texturas xerais son blastoniloníticas de gran fino a medio, algo metaporfídicas. Só hai un plano de orientación.

GRANITO DE 2 MICAS DE GRAN FINO A MEDIO

O afloramento máis importante, encóntrase ó norte do municipio, cunha forma ovoide alongada.

Existen tamén intuándose en formacións migmáticas.

A súa mineraloxía fundamental é cuarzo, microclina, plaxioclasa, biotita e moscovita, e como accesorios están: opacos, apatito, circón e só ocasionalmente epidota.

A textura é equigranular de gran fino-medio e localmente pulverulentas.

2.1.4.3. - Tectónica.

As fases de deformación que deron lugar á estrutura actual da rexión que nos ocupa foron fundamentalmente as hercinianas, pero convén cita-la existencia de, polo menos, unha fase de deformación antiherciniana que tería afectado ás rochas máis antigas, pero das que na actualidade non existen restos importantes.

Diferenciáronse dúas fases principais de pregamento na posición na que se encontra hoxe, de Complexo de Noia.

A xénese desta localización resulta conflictiva na actualidade debido ó antagonismo existente entre as hipóteses que intentan explicala.

Agás as rochas graníticas hercinianas e tardihercinianas, o resto dos materiais foron afectados por tódalas fases hercinianas.

2.1.4.4. - Hidroxeoloxía.

Dende o punto de vista hidroxeolóxico sepáranse no termo municipal de Outes dous conxuntos de terreos claramente diferenciados.

Por un lado os precámbricos e paleozoicos e as rochas ígneas, e por outro os sedimentos cuaternarios.

TERREOS PRECÁMBRICOS E PALEOZOICOS E ROCHAS ÍGNEAS.

A permeabilidade primaria destas rochas en estado fresco é practicamente nula, e en estado de alteración, polo xeral pequena. A permeabilidade secundaria froito da rede de planos que a atravesan ou da disolución destes, tampouco obtén valores importantes.

En suma, as posibilidades de explotación hidroxeolóxica destes terreos limítanse á realización de captacións a celo aberto de escasa profundidade, sobre as zonas máis alteradas superficialmente. Raramente se obterán caudais importantes.

Respecto á contaminación das augas subterráneas, o Mapa de Vulnerabilidade á Contaminación dos Montes Acuíferos, encadra estes terreos dentro de zonas onde a contaminación afectará case exclusivamente ás augas superficiais, por non existir practicamente afloramentos de formacións permeables.

TERREOS CUATERNARIOS

Estes sedimentos presentan a priori, unhas condicións máis favorables para a infiltración e almacenamento de augas subterráneas.

O denominador común a tódolos terreos cuaternarios, é a superficialidade dos posibles acuíferos como causa directa do seu escaso grosor, o que implica que se encontren moi afectadas polas variacións estacionais.

Só as chairas aluviais sofren unha recarga adicional, que no maior número dos casos é superior á pluviométrica, procedente do caudal do río ó que pertence.

O Mapa de Vulnerabilidade á Contaminación dos Montes Acuíferos, defíneos como terreos onde os acuíferos son moi vulnerables a esta e zonas onde é necesario extrema-las medidas preventivas.

Nos depósitos costeiros, a inevitable contaminación salina, anula calquera posibilidade de captación subterránea.

2.1.4.5. - Xeoloxía económica.

MINERÍA.

Non existen en Outes explotacións activas de ningún tipo, e os escasos antigos labores mineiros, corresponden a pequenas escavacións de difícil localización e pouca importancia. Nalgúns estudos citan indicios mineiros dentro da zona de Outes, que son na súa maior parte de sulfuros diseminados nos metasedimentos do Complexo de Noia, con indicios de ouro, níquel e arsénico, todos inexplorados.

CANTEIRAS.

Aínda que sen exceder pola súa importancia o mercado local, foron moi numerosas as canteiras da zona, polo que é fácil atopar pequenas canteiras abandonadas. Dentro destas canteiras inexploradas na actualidade, pero poderíanse reutilizar se o mercado o require, é de destaca-lo areeiro situado no cuaternario aluvial do río Rial, cerca da capital do Concello.

2.1.5. - USOS DO SOLO.

Non existe, como era en principio de esperar, unha concordancia clara entre a superficie cultivada e as escasas zonas chás. Moitas destas superficies, correspondentes ás penichairas mencionadas anteriormente atópanse dedicadas a matorral, mentres que os cultivos ocupan moitas veces zonas con pendentes moi acusadas o cal indica que nestes casos o relevo foi modificado mediante a construción de bancais. Cultivos e pradeiras forman un mosaico.

Os bosques, desde o punto de vista natural, poden dividirse en 4 grupos: bosques caducifolios acidófilos, bosques ribereños, bosques disclimax e a mestura deles.

- Os bosques caducifolios pertencen á clase Quercetea robori-Petraeae, constituídos por carballos, castañeiros e bidueiros.

- Os bosques ribeireños a penas teñen entidade e pertencen á clase Alnetea glutinosae localizándose nos cursos de auga, xeralmente en forma de sebes.
- Máis importantes son os bosques disclimax, formados por Pinus pinaster e insignis e Eucalyptus globulus. Este último está moi ligado á altitude, situándose preferentemente en altitudes inferiores a 200 m.

O matorral está formado pola orde Calluno-Ulicetalia, é dicir, brezais, toxais e retamares atlánticos sobre solo ácido en clima oceánico ou suboceánico procedentes da degradación de Quercetea robori-Petraeae. Como especies características, pódense citar as seguintes.

- Ulex europaeus
- Calluna vulgaris
- Erica cinérea
- Lithospermum postratum
- Sarotamnus scoparius

O aproveitamento fundamental é para cama de gando.

Polo contrario, o medio físico presenta importantes debilidades que determinan un potencial agrario limitado que frea as capacidades deste tipo de actividade para abordar unha valorización e desenvolvemento eficiente do territorio baixo un modelo a grande escala, máis aínda ante a competitividade que se esixe a este tipo de modelos nun prazo globalizado.

O aproveitamento principal do solo no concello de Outes é o forestal que se distribúe uniforme e indiscriminadamente por todo o territorio invadindo pouco a pouco zonas que antes estaban dedicadas a cultivos.

O aproveitamento agrícola que en 1.986 representaba tan só o 22,1 do total séguese a ver reducido cada día polo avance das plantacións forestais. Esta porcentaxe repártese entre un 19,0% dedicado a cultivo, principalmente millo, patacas e algún cultivo de horta e un 3,1 % dedicado a pastos. Esta gran diferenza nos terreos agrícolas dános unha idea da escasa importancia da gandería con respecto á agricultura no concello.

As principais terras de cultivo sitúanse nos vales dos ríos principais, polo xeral vinculado ós núcleos e en parcelas dunha extensión adecuada debido ás varias concentracións parcelarias que se levaron a cabo en distintos puntos do termo municipal, sobre todo cara ó

noroste, na zona que linda con Mazaricos, no val do río Tines e nas zonas baixas do municipio.

É precisamente na zona limítrofe con Mazaricos onde o aproveitamento agropecuario do solo, a raíz das distintas concentracións parcelarias, cobrou máis auge, con amplas parcelas dedicadas a pradería, vinculadas a explotacións bovinas.

En canto ós cultivos principais, habería que indicar que nos atopamos nunha área moi fértil sobre todo nas zonas baixas debido a un clima con temperaturas suaves e pouco contrastadas, sendo importantes os cultivos de horta, coa admisión de variedades que en municipios limítrofes non se dan.


Polo que respecta ó aproveitamento forestal, que ocupa a maior parte do concello, encóntrase case todo arborado, reducíndose as áreas dedicadas a matogueira a aqueles terreos, coma o cumio dos montes, que pola súa escaseza de capa vexetal son inadecuadas para calquera outro aproveitamento.

2.1.6. - CLIMATOLOXÍA.

Antes de entrar a analizar e valora-los datos estatísticos imos facer unha breve referencia ós factores condicionantes máis importantes do clima da zona:

- concello de Outes atópase nunha zona costeira, constituíndo o fondo da ría de Noia co que isto supón no referente á penetración de ventos cargados de humidade procedentes do Atlántico e que suavizan o contraste térmico.
- A variedade de altitudes dende a zona costeira ó sur ata a zona interior ó Norte é moi grande. Nunha estreita franxa de ancho variable, que nalgúns zonas a penas excede os 3 km. ascéndese do nivel do mar ós 500 m. e incluso máis, polo que dentro do propio concello se aprecian variedades climáticas locais en función da altitude.
- Por outro lado isto ten especial interese a elección dunha estación meteorolóxica que se adapte ás características específicas do concello. Así búscanse estacións próximas ó municipio de Outes, preferentemente costeiras e con variacións de altitude similares ás que se dan neste.

Óptase polo tanto polas estacións de Noia (42°57'N, 8°53'W e altitude 104 m.) para as zonas do concello máis baixas e próximas á costa e a de O Barbanza (42°40'N, 8°57'W e altitude 600 m.) para a zona máis elevada ó norte do termo municipal.



LOCALIZACION

DE ESTACIONES PLUVIOMETRICAS

- Estación termopluviométrica
- Estación pluviométrica

ESTACIÓN O Barbanza

PROVINCIA: A CORUÑA

Nº 1

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Med.anu
t	7,2	8,4	9,1	10,5	12,7	17,2	19,0	16,3	15,6	12,3	8,7	8,0	12,1
t _m	3,4	4,7	5,5	5,8	7,6	11,3	12,7	10,7	10,0	6,9	4,1	5,3	7,3
t _M	11,1	12,2	12,8	15,1	17,9	23,0	25,3	22,0	21,2	17,7	13,2	10,6	16,8
T _m	-3,2	-0,5	0,1	0,8	2,1	7,0	7,9	5,2	4,0	0,2	-2,5	-0,3	1,7
T _M	16,4	18,0	19,9	23,0	26,0	31,8	33,9	28,7	29,2	24,6	18,4	15,8	23,8

H						1		10					70	N
h				28						16			171	n
h'		25									2		250	n'

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Tot.anual
P	467	386	388	183	159	97	63	97	202	345	578	407	3.372
ETP	12	21	43	68	93	113	126	95	59	36	13	10	688
D	567	486	488	283	259	197	147	118	225	445	678	507	4.400
s	455	365	345	115	66				66	309	565	397	2.684
d													
d.a.													

INTENSIDADES BIOCLIMÁTICAS

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	ANO
IBP		0,18	0,33	0,59	1,05	1,94	2,30	1,76	1,62	0,96	0,23	0,09	11,05
IBL		0,18	0,33	0,59	1,05	1,94	2,30	1,76	1,62	0,96	0,23	0,09	11,05
IBC													
IBS													
IBF	-0,05												-0,05

CLASIFICACIÓN CLIMÁTICAS

Tornthwaite

Ih	Ia	Iha	C	Tipo climático
390	0	390	48,5	ArB ₁ 'b ₄ '

Allué

Subrexión fitoclimática	
V(VI)	Atlántico Europeo

Papadakis

Iha	Ihm (nº de meses)			Tipo		Régime		Unidade climática
	>1	≤1, ≥0,5	<0,5	inverno	verán	Térmico	Humidade	Tépedo
4,9	10	2	0	Av	M	TE	Hu	Cálido

ÍNDICES CLIMÁTICOS

Precipitación estacional

Estación	Inverno	Primavera	Verán	Outono
mm	1.260	730	257	1.125
%	37	22	8	33

C.E.P.		Continentalidade
Máx.	Mín.	Pluvial
2,26	0,24	0,89

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	s
C.P.R.M.	1,63	1,49	1,35	0,66	0,55	0,34	0,21	0,33	0,72	1,20	2,08	1,42	0,60
C.P.R.E.	1,51		0,86			0,30		1,33					

Amplitude térmica		Total diferencias ó mes precedente
Media	Extrema	
11,7	22,0	23,0

Sequía estival	Pe/Mc	Pe/tc	De/1Mc
	10,2	13,5	18,2

Ind. de aridez de MARTONNE (Im)	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	La
	327	251	243	107	84	43	26	44	95	186	372	272	152

Cocientes pluviométricos	Q	Q _E	Q _D
	536	41	74

Sequía en función da produción					
M	X	X	A	S	Total
					0,00

Eficacia Térmica (U)
664




DIAGRAMA BIOCLIMÁTICO




DIAGRAMA DE GAUSSEN

ESTACIÓN Noia

PROVINCIA: A CORUÑA

Nº 17

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Med.anu
t	8,2	8,1	10,0	11,9	15,1	17,4	19,9	20,2	18,5	16,4	11,0	9,6	13,9
t _m	4,9	4,1	5,8	7,6	10,1	11,2	12,8	14,8	14,0	12,1	6,61	6,0	9,2
t _M	11,5	12,1	14,2	16,2	20,1	23,6	26,9	25,7	23,1	20,7	15,4	13,1	18,6
T _m	-1,8	-1,3	0,3	3,0	4,7	6,6	7,4	8,3	8,8	3,0	0,8	-0,3	5,8
T _M	17,7	16,6	21,7	24,4	30,2	33,3	35,8	33,9	30,6	25,8	24,2	16,6	25,9
H						15				9			116
h			19								14		240
h'		24										22	301

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Tot.anual
P	202	115	158	111	116	62	46	64	100	111	179	178	1.443
ETP	12	20	44	72	100	114	129	105	65	41	14	11	727
D	302	215	258	211	216	162	94	64	100	146	279	278	2.225
s	189	94	114	40	16					6	165	168	792
d							35	41					76
d.a.							35	76					

INTENSIDADES BIOCLIMÁTICAS

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	ANO
IBP	0,14	0,12	0,50	0,87	1,53	1,97	2,48	2,54	2,20	1,78	0,70	0,42	15,25
IBL	0,14	0,12	0,50	0,87	1,53	1,97	1,66	1,29	2,20	1,78	0,70	0,42	13,18
IBC													
IBS													
IBF													

204	24	45
-----	----	----

0,33	0,49	0,82
------	------	------

758

Subsequia ≤ 1, Sequía > 1

CLASIFICACIÓN CLIMÁTICAS

Tornthwaite

Ih	Ia	Iha	C	Tipo climático
109	10	103	47,9	ArB ₂ 'a'

Allué

Subrexión fitoclimática	
V(VI)	Atlántico Europeo

Papadakis

Iha	Ihm (nº de meses)			Tipo		Réxime		Unidade climática
	>1	≤1, ≥0,5	<0,5	inverno	verán	Térmico	Humidade	Marítimo
2,0	9	3	0	ci	M	MA	Hu	Tépedo

ÍNDICES CLIMÁTICOS

Precipitación estacional

Estación	Inverno		Primavera		Verán		Outono		C.E.P.		Continentalidade
	mm	%	mm	%	mm	%	mm	%	Máx.	Mín.	Pluvial
	495	34	386	27	172	12	390	27	1,896	0,40	1,30

Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	s
C.P.R.M.	1,64	1,03	1,29	0,93	0,94	0,52	0,37	0,52	0,84	0,90	1,51	1,45	0,41
C.P.R.E.	1,39		1,07			0,47			1,06				

Amplitude térmica		Total diferencias
Media	Extrema	ó mes precedente
12,1	22,7	23,6

Sequía	Pe/Mc	Pe/tc	De/Mc
Estival	6,4	8,5	11,9

Índ. de aridez de MARTONNE (Im)	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	La
	133	76	95	61	56	27	18	25	42	50	102	109	60

Cocientes pluviotérmicos	Q	Q _E	Q _D
--------------------------	---	----------------	----------------

Sequía en función da produción					
M	X	X	A	S	Total

Eficacia Térmica (U)




DIAGRAMA DE GAUSSEN




DIAGRAMA BIOCLIMÁTICO

2.1.6.1.- Temperaturas.

Como xa se indicou con anterioridade no concello coexisten dúas zonas térmicas diferenciadas en función da altitude e da proximidade á costa. Así distinguimos unha zona con maior altitude que se podería asimilar á estación de O Barbanza onde a temperatura media anual é máis fría, 12,1°C, e unha asimilable á estación de Noia onde a temperatura media anual é máis suave, 13,9°C. No primeiro caso a temperatura oscila entre os 7,2º de Xaneiro e os 19º de Xullo mentres que no segundo oscila entre os 8,2º de Xaneiro e os 20,2 de Agosto.

A temperatura media das mínimas baixa ós 7,3º nas zonas de máis altitude do concello e ós 9,2º nas zonas costeiras, rexistrándose a mínima en Xaneiro, 3,4º, e en Febreiro 4,1º respectivamente.

A temperatura media das máximas varía para as distintas zonas do concello dos 16,8º ós 18,6 e rexistra o seu tope máximo en Xullo con 25,3 e 26,9 respectivamente.

Os datos referentes ós valores absolutos resultan en certo modo máis ilustrativos de situacións puntuais ó longo do ano aínda que non sexan os máis frecuentes. A media anual das mínimas absolutas baixa ós 1,7°C nun caso e a 5,8°C noutro, observándose unha gran diferenza segundo se trate dunha zona do concello ou doutra, alcanzando o seu valor máis baixo, -3,2º e -1,8º, en ámbolos dous casos en Xaneiro.

A media das máximas absolutas varía dos 23,8º ós 25,9º e alcanza o seu valor máximo no mes de Xullo con 33,9º e 35,8º respectivamente.

Destes datos tiramos como conclusión que mentres que as máximas encóntranse bastante próximas entre as diferentes áreas do concello as mínimas varían bastante segundo nos encontramos a máis altitude ou máis cara á costa.

En relación co ritmo térmico extraémo-los datos referentes ós períodos de xeadas cunha importancia notable dende o punto de vista agrario. Thornthwaite establece 3 tipos de estacións ou períodos libres de xeadas. O período mínimo establécese cando non se excede o límite das 7 tomando como referencia a media das mínimas absolutas. O período dispoñible delimitase variando o límite ás 2 e no medio ou real ás 0. Os resultados para a estación do Barbanza e Noia son respectivamente os seguintes:

- Número de días libres de xeadas mínimas: 70 (de Xuño a Agosto) e 116 (de Xuño a Outubro).
- Número de días libres de xeadas dispoñibles: 171 (de Abril a Setembro) e 240 (de Marzo a Novembro).
- Número de días libres de xeadas medias: 250 (de Febreiro a Novembro) e 301 (de Febreiro a Decembro).

2.1.6.2.- Precipitacións.

Xunto coas temperaturas constitúe a outra variable fundamental para a análise de calquera clima. Neste caso trátase dun clima moi húmido xa que oscila entre os 3.372 e os 1.443 segundo as zonas. O ritmo anual é o inverso ó seguido polas temperaturas dándose nos meses máis fríos a maior abundancia de precipitacións. O mes máis chuvioso é nun caso en Novembro con 578 mm e no outro en Xaneiro con 202 mm.

Unha vez máis se vólvese apreciar o forte contraste existente entre as áreas de máis altitude do municipio e as de menos supoñendo no caso das precipitacións máis do dobre das primeiras sobre as segundas.

2.1.6.3.- Evotranspiración potencial.

A ETP á outra variable interesante xa que a través da representación gráfica podemos comprobar cales son os momentos de maior e menor perda de auga no solo. Defínese como a máxima perda de auga posible que experimenta solo completamente cuberto de vexetación en crecemento activo, se en todo momento existe no solo humidade suficiente para o seu uso máximo polas plantas.

É frecuente que na práctica non se dean estas circunstancias necesarias para que teña lugar a ETP, sen embargo, é un concepto útil para estudos sobre necesidades hídricas nas plantas e balances de humidade do solo.

Encóntrase en íntima relación co ritmo térmico incrementándose co aumento das temperaturas e co maior número de horas de sol. Neste sentido observamos como segue un ritmo anual que aumenta notablemente no verán mentres que se reduce a valores mínimos durante o período invernal.

O mes de maior ETP é o de Xullo e o de menor Decembro oscilando entre os 126 e os 129 como valor máximo e entre os 10 e os 12 como valor mínimo segundo nos situemos na serra ou na ría respectivamente.

2.1.6.4.- Balance hídrico.

Relacionado co volume de precipitacións e a ETP podemos obter unha información interesante sobre cales son os períodos de maior seca nos que o solo dispón de menor cantidade de recursos hídricos.

Neste sentido observamos como é durante o verán cando se produce a dispoñibilidade hídrica máis baixa, en concreto nos meses de Xullo e Agosto en xeral incluso en parte de Setembro nas zonas de menor altitude. É a partir de Outubro cando comeza a se recupera-la humidade.

O contraste neste aspecto tamén é importante, xa que mentres nas zonas máis elevadas da serra case non se produce déficit hídrico, nas zonas da ría aparece escaseza de precipitación con 35 e 41 mm. nos meses de xullo e Agosto respectivamente.

CARACTERIZACIÓN CLIMÁTICA DA ZONA DE ESTUDIO.

A través das clasificacións propostas por distintos autores trátase de definir por medio dunhas variables cales son os trazos que máis destacan nun determinado clima.

Dentro das máis coñecidas encóntranse as que seguen:

2.1.6.5.- CLASIFICACIÓN DE THORNTHWAITE.

Este autor despois de calcula-los diferentes elementos do balance hídrico nunha estación, traduce a interpretación destes resultados segundo catro criterios que pola súa configuración permiten clasifica-los climas.

Estes criterios son:

- grao de humidade.
- A eficacia térmica.
- A variación estacional da humidade.
- A concentración estival da eficacia térmica.

En función do grao de humidade o autor distingue ata 9 rexións de humidade (dende o árido ata o perhúmido) das que en Galicia aparecen 5: perhúmido e húmido I, II, III, IV.

En función da eficacia térmica Thornthwaite distingue ata 9 rexións térmicas (dende o megatérmico ó glacial) dos cales en Galicia só se encontran 3: o microtérmico II e os mesotérmicos I e II.

En función da variación estacional da humidade na maior parte de Galicia a falla de auga é pequena ou ningunha, ou moderada no verán en case todo o territorio. En concreto no concello de Outes a escaseza hídrica á pequena ou ningunha.

O contraste térmico distingue tamén 3 grandes zonas en Galicia pero en todas elas de carácter suave, en calquera caso menor a 56,3.

De tódalas posibles combinacións (81) preséntanse en Galicia 11 e destas 2 en Outes. Nas zonas de menor altitude a clasificación é húmido IV, mesotérmico II e nas zonas máis altas perhúmido mesotérmico II.

2.1.6.6.- CLASIFICACIÓN DE ALLUÉ.

Allué define unha rexión climática determinada, non por comparación directa dos climogramas, senón polo estudio directo da magnitude dos seus valores sintéticos.

Os valores utilizados son:

- Temperatura do mes máis frío.
- Precipitación anual.
- Altitude.
- Índice de aridez.
- Intensidade da sequidade.

Para Galicia definíronse 6 tipos de rexións fitoclimáticas, tratándose no caso que nos ocupa do determinado Atlántico europeo V (VI) presentando unha clara influencia oceánica e unha variación térmica suave.

Caracterízase pola presenza no litoral dende Ribadeo á Guarda das especies: *Medicago marina*, *Diotis Candidissima*, *Helychrisum foetidum*, *Gallactiles tormentosa* e *Scolymus hispanicus*.

2.1.6.7.- CLASIFICACIÓN DE PAPADAKIS.

A clasificación de Papadakis (1.966) determina o clima dende o punto de vista agrocolóxico. Utiliza os valores extremos das variables climáticas, como factores limitadores na distribución de diversos cultivos, a diferenza da maioría das clasificacións que utilizan valores medios.

Os parámetros nos que se basea esta clasificación son:

- Temperaturas medias das mínimas absolutas anuais e mensuais.
- Duración da estación libre de xeadas mínimas dispoñible e media.
- Temperaturas medias das máximas e das mínimas.
- Elementos propios do balance hídrico.

Os límites de separación dos tipos climáticos correspóndense cos límites naturais de determinados cultivos, de aí o interese práctico desta clasificación (introducción de novas variedades ou ecotipos, ordenación agrícola etc.).

Para chegar a un tipo climático Papadakis parte dun tipo de inverno e dun tipo de verán baseados no frío invernal e na calor estival. Con estas dúas opcións obtense un réxime térmico, que xunto co réxime de humidade (baseado no balance hídrico) dános un determinado tipo climático.

Analizando estas variables no Concello de Outes obtéñense os seguintes resultados.

- Tipo de inverno	Citrus (ci) Avea cálida (Av)
- Tipo de verán	Triticum máis cálida (T) Millo (M)
- Réxime térmico	Marítimo cálida (MA) Tépedo cálida (TE)
- Réxime de humidade	Húmido (Hu)
- Tipo climático	Marítimo fresco (MA-Hu) Tépedo cálida (TE-Hu)


En función desta clasificación e tomando como base a valoración agronómica das zonas agroclimáticas resultantes da clasificación de Papadakis realizada polo Departamento de Agroclimatoloxía (Ministerio de Agricultura, 1980) pódense tipificar os cultivos mellor ou peor adaptados á zona.

CULTIVO	TIPO DE INVERNO		TIPO DE VERÁN		RÉXIME DE HUMIDADE	
	Ci	Av	M	T		Hu
CEREAIS						
Trigo	X	X	X	X		X
Cebada	X	X	X	X		X
Avea	X	X	X	X		X
Centeo	X	X	X	X		X
Millo			X			X
Sargo						X
Paínzo			X	X		X
LEGUMINOSAS						
Feixón			X	X	X	
Xudía						X
Faba	X		X	X		X
Lentella	X		X	X		X
Garavanzo	X		X	X		X
Chícharo	X	X	X	X		X
Leza	X	X	X	X		X
TUBÉRCULOS						
Pataca	X		X	X		X
Pataca doce						X
Boniato						X
Remolacha			X	X		X
Azucre						X
TÉXTIL						
Liño	X		X	X		X
OLEAXINOSAS						
Xirasol						X
Colza	X	X	X	X		X
Soia			X			X
FORRAXES						
Lolium	X	X	X	X		X
Agrastis, Festuca	X	X	X	X		X
Papalum	X		X	X		X
Alfalfa	X	X	X	X		X
Trevo híbrido	X	X	X	X		X
Trevo	X	X	X	X		X
Subterráneo						X
Trevo Encarnado	X	X	X	X		X
HORTALIZAS						
Espárrago	X	X	X			X
Col						X
Verza						X
Apio						X
Leituga						X
Escarola						X
Espinaca						X
Acelga						X
Chicoria						X
Endivia						X
Sandía						X
Melón						X
Cabaza						X
Cogombro						X
Berenxena						X
Tomate						X
Pemento						X
Amorodo	X	X				X
Brócoli	X	X				X
Alcachofa	X	X				X
Coliflor	X	X				X
Allo	X	X				X
Cebola	X	X				X
Porro	X	X				X
Cenoria	X					X
Ravo	X					X
Nabo	X	X				X
Xudías						X
CÍTRICOS						
Limoeiro	X					X
FROITEIROS						
Maceira	X	X				X
Pereira	X	X				X
Marmeleiro	X	X				X
Albaricoqueiro	X					X
Cerdeira	X	X				X
Guindeira	X	X				X
pexegueiro	X	X				X
Ameixeira	X	X				X
Figueira	X	X				X
Amendoeira	X	X				X
Nogueira	X	X				X
Abeleira	X	X				X
Castiñeiro	X	X				X
Oliveira	X	X				X
Vide	X	X				X

Kiwi

X


X



TIPOS CLIMATICOS

(Clasif. de Papadakis)

TIPO CLIMATICO	SIMBOLO
Marit.-templado	Mm,MA-Hu
Marit.-fresco	MA-Hu
Templ.-cálido	TE-Hu
Templ.-frío	te-Hu
Piren. húmedo	Pa-Hu
Medit. marítimo	MA,Mm-Hu
Medit.-templado	TE-ME
Medit.-templado-fresco	te,Pa-ME



TIPOS CLIMATICOS

(Clasif. de Thornthwaite)

TIPO CLIMATICO	SIMBOLO	
Perh.	Microt. II	A C' 2
	Mesot. I	A B' 1
	Mesot. II	A B' 2
Húmedo IV	Mesot. I	B B' 1
	Mesot. II	B B' 2
Húmedo III	Mesot. I	B B' 1
	Mesot. II	B B' 2
Húmedo II	Mesot. I	B B' 1
	Mesot. II	B B' 2
Húmedo I	Mesot. I	B B' 1
	Mesot. II	B B' 2

De tódolos datos rexistrados anteriormente dedúcese que o concello de Outes posúe un clima tépedo húmido, con dúas zonas claramente diferenciadas, unha cara ó norte, con maior altitude, temperaturas máis rigorosas sobre todo no inverno e unha humidade elevada, e outra cara ó sur, próxima ó nivel do mar, con contrastes térmicos menos intensos e menores precipitacións.

Os procesos de alteración química verifícanse con certa intensidade e os fenómenos de erosión física como a acción das xeadas, insolación, etc. actúan debilmente, e de aquí que teñan reducida intervención nas características morfolóxicas da zona.

En xeral as variacións de temperatura son pequenas, as precipitacións son intensas, sobre todo en cotas altas, e o ceo está cuberto gran parte do ano. Ámbalas dúas condicións favorecen a descomposición da materia e a rápida formación de solos de alteración.

